

DESIGN
UNIVERSIDADE DE VIGO



16, 17 e 18 de setembro, 2022

Casa das Campás. Universidade de Vigo
Campus de Pontevedra
Pontevedra, España

CGAC: Centro Galego de Arte Contemporánea
Santiago de Compostela, España

Data límite de envío de traballos:
27 de marzo de 2022

VII International Performance
Art Conference
Fugas e interferencias
2022

Fugas
e Interferencias

Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais
Xiana Santiago Couce y Pedro Santiago Saiz «s/t» 2021». Fotografía: cortesía dos artistas.

Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra





Universidade de Vigo

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Fugas e interferencias VII International Performance Art Conference

16, 17 e 18 de setembro de 2022

Bases para o envío dos resumos

Fugas e Interferencias, VII International Performance Art Conference, terá lugar de xeito presencial os días 16, 17 e 18 de setembro de 2022. As sedes do congreso serán a Casa das Campás (Universidade de Vigo, campus de Pontevedra) e o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC, Santiago de Compostela). O congreso está organizado pola Universidade de Vigo e conta coa colaboración do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Organización

Universidade de Vigo coa colaboración do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporáneo).

Dirección

Marta Pol Rigau, Universidade de Vigo
Carlos Tejo Veloso, Universidade de Vigo

Comité científico

Anxo Abuin, Universidade de Santiago de Compostela
Juan Albarrán, Universidad Autónoma de Madrid
Juan Vicente Aliaga, Universitat Politècnica de València
Helena Cabello, Universidad de Castilla-La Mancha
Ana Carceller, Universidad de Castilla-La Mancha,
Rita Castro Neves, Universidade do Porto
Malgorzata Kazmierczak, Universidade de Cracovia
Marco de Marinis, Universidade de Boloña
José Luis Marzo, Centre Universitari de Diseny
Cecilia Perea, Universidade de Patagonia,
Miguel Molina, Universitat Politècnica de València
Cecilia Perea, Universidade de Patagonia
David Pérez, Universitat Politècnica de València
Marta Pol Rigau, Universidade de Vigo
Artur Tajber, Universidade de Cracovia
Carlos Tejo Veloso, Universidade de Vigo
Judit Vidiella, Universitat de Girona
Gabriel Villota, Universidade de Euskadi

Directrices do congreso

Trátase dunha convocatoria dirixida a persoas que traballen no campo artístico, teórico/crítico e estudantes.

O obxectivo fundamental do congreso céntrase na análise dos novos comportamentos da arte de acción, tanto desde a práctica coma desde a reflexión teórica. As persoas que desexen participar deberán propor un estudo que reflecta un estado de innovación na investigación teórico-crítica da linguaxe da arte de acción, ofrecendo hipóteses que nos axuden a anticipar o seu futuro.

Eixes temáticos

As propostas de comunicacións seleccionadas deberán tratar algún destes eixes temáticos que estruturan o congreso:

- 1. A reflexión teórica da arte de acción.** Este apartado tentará contrastar as distintas aproximacións teóricas sobre a arte de acción para darlles visibilidade e para poder construír un marco teórico contextual.
- 2. A acción e as súas interseccións.** Trátase de investigar o carácter híbrido da arte de acción e como esta práctica evolucionou ata incorporar estratexias visuais como a vídeo-acción ou videoarte, ou escénicas como o teatro contemporáneo, a danza etc.
- 3. As posibles interaccións entre a arte de acción e o contexto político.** Proponse investigar como a arte de acción, desde enfoques e posicións moi diversos, pode traspasar os límites do poder establecido/dominante para xerar un discurso estético máis alá dos antagonismos. Entre outras aproximacións, prestaremos especial atención á natureza da arte de acción desde unha perspectiva de xénero, teoría e arte feminista, a nova masculinidade ou o queer.
- 4. Comisariado de arte de acción.** Proponse investigar o comisariado de arte de acción desde un enfoque amplo que poida abarcar experiencias curatoriais que toman corpo en accións individuais, festivais, ciclos en espazos oficiais ou alternativos, ou o estudo de coleccións públicas ou privadas.

Valoración

As comunicacións presentadas ao congreso polas persoas seleccionadas han de ser orixinais e inéditas, ademais de non estar pendentes de publicación. O comité científico do congreso non aceptará as comunicacións que non cumpran os criterios de publicación aquí expresados. O congreso ten unha revisión cega por pares.

Criterios de selección

- Adaptación ás bases e ás normas propostas pola comisión
- Adaptación ás liñas temáticas propostas
- Achegar un carácter innovador
- Calidade e claridade na redacción
- Coherencia no discurso
- Rigor intelectual

O congreso ten unha revisión cega por pares.

Idiomas

Os idiomas oficiais do congreso serán o galego, o castelán e o inglés.

Cota de inscrición

O congreso fixa unha cota de inscrición de 50 €. Unha vez confirmada a aceptación ao congreso, comunicárase como efectuar pagamento vía correo electrónico e na propia web do congreso. As inscricións aceptadas e pagas non son reembolsables baixo ningunha circunstancia.

Datas límite

- Envío do resumo: 27 de marzo de 2022
- Notificación do fallo do comité científico: 24 de abril de 2022
- Envío do artigo completo: 26 de xuño de 2022
- Pagamento da inscrición: entre o 27 de xuño e o 3 de xullo de 2022
- Presentación da comunicación: 16, 17 ou 18 de setembro de 2022
- Publicación das actas: 31 de decembro de 2022

Envío dos resumos

Formato, estrutura e extensión

Na primeira páxina do resumo aparecerá o título, o resumo e as palabras clave. Recoméndase que o título non exceda de dezoito palabras. As palabras clave serán entre catro e oito, escríbanse con minúscula e separáranse con punto e coma. Aconséllase que o resumo se organice en función destes apartados: introdución, metodoloxía, temática que se vai tratar, obxectivos e bibliografía. A extensión do resumo terá un máximo de 1000 palabras e un mínimo de 750. O tipo de letra (fonte) será Arial, tamaño 12 e entreliña sinxela.

Modo de envío do resumo

Para participar no congreso se deberá enviar, antes do 27 de marzo de 2022, dous arquivos ao enderezo electrónico

fugaseinterferencias@gmail.com.

O primeiro arquivo referirase aos datos persoais do autor e levará por nome «A_METADATOS_Título»:

- Non se debe incluír textualmente a palabra «Título» no nome do arquivo, senón tres palabras do título do seu resumo separadas por guións baixos.
- Neste arquivo incluírase a seguinte información: nome do autor, título do resumo, filiación académica ou institución de procedencia, número de DNI, enderezo electrónico, teléfono de contacto e un breve currículo que non exceda as 150 palabras.

O segundo dos arquivos de texto levará por nome «B_RESUMO_Título»:

- Non se debe incluír textualmente a palabra «Título» no nome do arquivo, senón tres palabras do título do seu resumo separadas por guións baixos.
- Co propósito de que o proceso de revisión por pares realizado polo comité científico do congreso sexa anónimo, o autor ou autora debe incluír neste arquivo o título, o resumo e as palabras clave (en español e en inglés). En todo momento, omitírase o nome da autoría do devandito resumo.

Asegurar unha revisión a cegas

- Se eliminará o nome do texto, utilizando «Autor» e ano nas referencias e nas notas no pé de páxina, no canto do nome do autor/a, o título do artigo etc.
- Nos documentos de Microsoft Office, a identidade do autor debe eliminarse tamén das propiedades do arquivo (véxase «Arquivo en Word»), pulsando sobre o seguinte (comezando por «Arquivo» no menú principal da aplicación Microsoft): «Arquivo -Gardar como-Ferramentas (ou opcións en Mac)-Seguridade-Eliminar información persoal das propiedades do arquivo ao gardar-Gardar».
- Nun PDF, o nome do autor debe eliminarse tamén das propiedades do documento atopadas no «Arquivo» no menú principal de Adobe Acrobat.

Comunicado do fallo

Unha vez que o resumo se avalíe, enviaráselle ao autor, antes do 25 de abril de 2022, a súa aceptación ou non.

A aceptación da comunicación implica a súa presentación pública polo autor durante os días en que se desenvolve o congreso.

Poderás atopar toda a información sobre as **bases para o envío resúmenes e as bases para o envío e a publicación do artigo completo** na nosa web: <http://fugaseinterferencias.com>